

2019-2022

Plan de Igualdade



Colexio Plurilingüe
Santo Ángel



Índice

1.	Introdución.....	2
1.1.	Qué é o Plan de igualdade do Centro.....	2
1.2.	Marco xeral do Plan de igualdade no noso centro	2
1.3.	Marco legal: Referencia normativa	3
2.	Consideracións xerais do plan de igualdade	4
2.1.	Obxecivos que pretende o Plan de igualdade.....	4
2.2.	Principios fundamentais que sustentan o Plan de igualdade	5
2.3.	Prevenición, detección e intervención en casos de violencia de xénero.....	6
3.	Medidas concretas de actuación.....	6
3.1.	No relativo aos docentes.....	7
3.2.	No relativo ao alumnado.....	8
3.3.	No relativo á documentación do Centro.....	8
4.	Difusión do Plan de igualdade.....	9
5.	Seguimento e avaliación	9
6.	Organización e xestión do Plan de igualdade no Centro	10
6.1.	Metodoloxía empregada.....	11
	Anexo I: CUESTIONARIO EQUIPO DOCENTE.....	13
	Anexo II: CUESTIONARIO ALUMNADO	14

1. Introducción

1.1. Que e o Plan de igualdade do Centro

É un documento no que se recolle un conxunto de actuacións, medidas e accións cuxo obxectivo principal é implementar a coeducación na práctica pedagóxica do centro educativo. É un documento realista e operativo, que contempla o compromiso público da Comunidade Educativa, accesible para todas e todos.

A sensibilización e implicación de toda a comunidade educativa e do conxunto da sociedade son imprescindibles para lograr un progreso real na superación do sexismo, a consecución dunha verdadeira igualdade entre homes e mulleres, e a erradicación da violencia de xénero en todos os ámbitos da vida pública e privada.

1.2. Marco xeral do Plan de igualdade no noso centro

A escola é un lugar privilexiado de convivencia. É un espazo de crecemento, de encontro, de aprendizaxe, de experiencias compartidas, de coñecemento dos outros e de descuberta do mundo. Na escola, coma nun microcosmos, reproducense as situacións conflitivas da sociedade, pero tamén as posibilidades de superación e integración que favorecen os ambientes educativos. É, sen dúbida, un obradoiro insuperable onde aprender a convivir.

A educación para a convivencia responde á necesidade de formar unha sociedade preparada para desenvolver a súa vida respectándose a si mesma, ás demais persoas e responsabilizándose dos seus actos.

A diversidade é unha realidade tanxible que se vive na escola e é, polo tanto, un valor positivo que se debe aprender desde as etapas iniciais do sistema educativo. Así pois, a escola ha de ser verdadeiramente inclusiva, debe constituír un pilar fundamental na erradicación da transfobia e, polo tanto, un espazo onde se ten que respectar a

identidade de cada persoa e onde o feito trans non cause rexeitamento. Son realidades que han de ser percibidas e vividas de maneira cotiá e habitual como un aspecto máis da diversidade humana e tamén como unha oportunidade de desenvolvemento e aprendizaxe común de toda a comunidade educativa, como parte importante da sociedade.

Co obxectivo de garantir a igualdade de trato e combater a discriminación por razóns de diversidade afectivo-sexual e identidade sexual, daremos cumprimento da Lei 2/2014, que inclúe a mención expresa á eliminación de calquera indicio de discriminación que poidamos apreciar no sistema educativo, entre outras, por razóns de identidade de xénero.

1.3. Marco legal: Referencia normativa

- Constitución española de 1978.
- Declaración universal sobre dereitos humanos, Declaración dos dereitos da infancia e Convención sobre os dereitos da infancia.
- Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de autonomía de Galicia.
- Directiva 200/78/CE do Consello, do 27 de novembro de 2000.
- Lei 62/2003, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.
- Lei 3/2007, do 15 de marzo, reguladora da rectificación rexistral da mención relativa ao sexo das persoas.
- Lei 2/2006, do 14 de xuño, de dereito civil de Galicia.
- Principios de Yogyakarta.
- Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.
- Lei orgánica 2/2006, do 3 maio, de educación coas modificacións previstas pola Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.

- Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.
- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais de Galicia.
- Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.
- Lei orgánica 8/2015, do 22 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia.

2. Consideracións xerais do plan de igualdade

2.1. Obxectivos que pretende o Plan de igualdade

Desenvolver prácticas educativas que identifiquen os estereotipos machistas existentes en diferentes ámbitos da Comunidade Escolar e que promovan a súa eliminación, de xeito que favorezan nos nenos/as un desenvolvemento persoal satisfactorio e unha convivencia pacífica e igualitaria con valores dirixidos á igualdade de oportunidades entre ambos sexos e ser trasladados ao resto da sociedade.

- Promover a práctica docente coeducativa na escola .
- Promover nos nosos alumnos valores orientados á igualdade.

- Eliminar os estereotipos de xénero educando na diversidade.
- Implicar á comunidade educativa neste Plan de Igualdade.
- Detectar as actitudes sexistas que se poidan dar na escola.
- Educar nos conceptos da igualdade de xénero.
- Axudar e ensinar a resolver os conflitos sen violencia.
- Educar na empatía.
- Potenciar o uso dunha linguaxe non sexista entre o profesorado e o alumnado.
- Promover condicións escolares que favorezan prácticas educativas correctivas dos estereotipos de dominación e dependencia.
- Impulsar actividades sobre coeducación para a erradicación da violencia de xénero, a prevención da mesma e o desenvolvemento da igualdade.
- Intervención adecuada ante posibles casos de violencia de xénero no ámbito educativo.
- Potenciar a participación e colaboración das familias, ANPA e a Comunidade Educativa na defensa da igualdade.

2.2. Principios fundamentais que sustentan o Plan de Igualdade

Os principios fundamentais que sustentan o Plan de Igualdade de xénero na educación son:

1. **Transversalidade:** implica a incorporación da perspectiva da igualdade das xénero na elaboración, desenvolvemento e seguimento de todas as accións que afecten á comunidade educativa.
2. **Visibilidade:** incorpora medidas e accións concretas para visibilizar as mulleres e a súa contribución ao desenvolvemento de sociedades, valorando o traballo que histórica e tradicionalmente realizaron e a súa loita pola igualdade.
3. **Inclusión:** baseada na máxima de “somos diferentes pero non desiguais”.

4. **Paridade:** referida á igualdade real e a igualdade formal entre homes e mulleres en todas as esferas da vida .
5. **Prevenición:** As accións deseñadas deben garantir a mellora da convivencia escolar positiva e a atención á diversidade en todas as súas manifestacións, coa finalidade de fortalecer a toda a comunidade educativa para identificar situacións de risco e dar unha resposta educativa.

2.3. **Prevenición, detección e intervención en casos de violencia de xénero**

O noso Centro traballa para sensibilizar e previr a discriminación e a violencia de xénero coa fin de procurar a súa erradicación.

Deste xeito, valóranse factores de risco ante a violencia de xénero e o maltrato educando no recoñecemento do sexismo (machismo) en homes e mulleres naqueles contextos nos que nos desenvolvemos habitualmente, xerando actitude de crítica e rexeitamento do mesmo.

Para iso, establécense as medidas precisas recollidas no plan de convivencia en caso de calquera tipo de abuso ou acoso no que calquera membro da Comunidade Educativa que teña sospeitas dunha situación de abuso, acoso ou violencia, ten a obriga de comunicalo a un profesor u profesora, titor ou titora ou a calquera outra persoa responsable do centro educativo.

En todos aqueles casos que se estime que poida existir unha situación de acoso escolar, violencia de xénero ou maltrato por identidade sexual, a Dirección do Centro emitirá un informe ao Servizo de Inspección Educativa.

3. **Medidas concretas de actuación**

De acordo cos principios de igualdade e inclusión, **non se realizarán no centro**

actuacións diferenciadas por sexo, e se por algunha causa concreta e plenamente xustificada esta diferenciación fose necesaria, terase sempre en conta a identidade de xénero manifestada e coa que o alumno ou a alumna se sente identificado.

Educarase na liberdade, xustiza e nos valores éticos facendo fincapé na adquisición dos valores e dereitos humanos como base esencial para lograr o pleno desenvolvemento do ser humano. Fomentarase o respecto e o aprecio polas liberdades e diferenzas individuais e colectivas dentro dos principios de convivencia.

Garantirase a **difusión da realidade sobre a identidade de xénero** entre a comunidade educativa. Actuarase de acordo co **dereito á privacidade e honra** do estudantado e de todos os membros da comunidade educativa.

3.1. No relativo aos docentes

- Non se admitirán contidos, metodoloxías nin criterios de avaliación transmisores, directa ou indirectamente, dunha distribución estereotipada de papeis entre os sexos ou dunha imaxe de dominación dun sexo sobre o outro.
- Enriquecerase o contido curricular (na medida do posible) coas contribucións ao coñecemento humano realizadas por mulleres no pasado e na actualidade, reflectindo de maneira axeitada o papel das mulleres na evolución da historia.
- Desenvolvemento do Plan de acción tutorial con perspectiva de xénero, promovendo a autonomía e a iniciativa persoal, a educación emocional e emocional e intervindo na resolución de conflitos a través do Plan de convivencia.

3.2. No relativo ao alumnado

- Non se admitirán desigualdades entre alumnos e alumnas sustentadas en crenzas, prexuizos, tradicións ou prácticas transmisoras, directa ou indirectamente, dunha distribución estereotipada de papeis entre os sexos.
- O profesorado non permitirá ningunha forma de machismo ou misoxinia dentro da Comunidade Escolar, aplicando activamente principios pedagóxicos de respecto á identidade e á imaxe das mulleres.
- Non permitir no alumnado agresións e violencia, baseada na identidade de xénero, en expresións, comportamentos e actitudes.
- Favorecerase o traballo cooperativo e potenciase o comportamento solidario.

3.3. No relativo á documentación do Centro

- Revisarase e corríxiranse todos os modelos de documentos dirixidos a pais ou alumnos (comunicación de fallos, boletíns, autorizacións para saídas ou excursións, citas de titorías ...), así como a documentación interna do colexio (información aos profesores , Plan anual de Centros ...) para evitar, na medida do posible, o uso dunha linguaxe marcada por discriminación machista.
- Inclusión no Plan de Acción Titorial de actividades específicas relacionadas coa igualdade de xénero, centradas nos estereotipos sexistas, actividades de sensibilización contra o maltrato, reflexión sobre a distribución das tarefas domésticas, sobre o papel da muller ao longo da historia e hoxe en día.
- Manterase contacto coas distintas Institucións e Colectivos para aproveitar os diferentes recursos que nos poden ofrecer.
- Aproveitar as actividades que nos ofrece "O Plan director" .

4. Difusión do Plan de igualdade

Realizar accións que fomenten as relacións interpersoais de toda a comunidade e que sexan a partir do bo trato e a igualdade de oportunidades, negando calquera comportamento homofóbico e transfóbico, manifestación sexista ou actitude machista. Propoñer recursos que impulsen a resolución pacífica dos conflitos con perspectiva de xénero, os bos tratos, o coidado e a corresponsabilidade.

Desenvolver actividades de sensibilización e participación para as familias.

Utilizar canles para a información e difusión:

5. Seguimento e avaliación

De cara a acadar os obxectivos propostos e desenvolver positivamente o presente plan, empregaremos una observación sistemática e directa, que nos permita analizar de xeito trimestral se as accións realizadas en materia de igualdade foron axeitadas a través da:

- Valoración da participación da Comunidade Educativa
- Concreción e cuantificación das actividades propostas en materia de igualdade
- Revisión da redacción dos documentos do centro, así como da linguaxe empregada nos taboleiros, na web e nas redes sociais
- Grao de consecución dos obxectivos propostos e propostas de mellora para o vindeiro curso.

O resultado destas avaliacións recollerase na memoria final do curso.

Antes de finalizar o curso escolar, farase unha avaliación do plan por medio dun cuestionario entre o profesorado (Anexo I) e o alumnado (Anexo II).

6. Organización e xestión do Plan de igualdade no Centro

Dentro do Proxecto Educativo de Centro, incorporaranse medidas concretas que integren a perspectiva de xénero, de acordo aos obxectivos establecidos. Así, o PEC incluírá, cando menos, os aspectos seguintes:

- Unha linguaxe non sexista e inclusivo na documentación do centro, recursos e materiais didácticos, carteleira do centro, páxina WEB, comunicación coas familias, etc.
- Nas programacións didácticas e nas propostas pedagóxica
- No Plan de Convivencia
- No Plan de Acción Tutorial
- No plan de formación do profesorado
- Nos criterios para establecer os agrupamentos do alumnado
- Nas actividades complementarias e extraescolares que se programen
- Na memoria de final de curso

No Regulamento de Réxime Interno, atenderanse aspectos como a paridade nas canles de decisión, responsabilidade e participación dos distintos sectores da comunidade educativa, téndoa tamén en conta no reparto de roles e responsabilidades entre o alumnado e na organización dos tempos, espazos, instalacións e recursos materiais do centro.

Tamén se terán en conta cuestións coma o impacto do xénero nos presupostos do centro destinados a fomentar a coeducación, a igualdade e a prevención da violencia de xénero, e as cláusulas ou criterios de igualdade nas relacións contractuais ou convenios establecidos entre o centro e empresas, asociacións ou institucións para a prestación de servizos ou ao establecer acordos de colaboración.

Entre as competencias asignadas ás comisións de convivencia dos Consellos Escolares, inclúense a coeducación, a igualdade, o seguimento dos protocolos de actuación ante violencia de xénero no ámbito escolar e a prevención da violencia de xénero. No Centro cóntase coa presenza dunha persoa coordinadora do Plan de Igualdade no Consello Escolar (Marta Sotelo Iglesias).

6.1. Metodoloxía empregada

- Visibilizar e facer presente a coeducación no centro a través dos distintos medios dispoñibles e a través das actividades e conmemoracións do centro, como a semana da saúde, a semana das letras galegas, a semana da prensa, entre outras, así como calquera outra que poida xurdir ao longo do presente curso académico.
- Emprego dunha linguaxe integradora e libre de prexuízos, favorecendo a liberdade de expresión, de xeito que cadaquén poida amosarse como é, sen medo ao que dirán.
- Realización de diagnósticos diferenciados entre as alumnas e os alumnos do centro, centrados nos resultados académicos, o abandono escolar e a orientación vocacional, académica e profesional, que poidan dar lugar a reflexións e actuacións que favorezan a igualdade entre homes e mulleres.
- Coordinación titorial, de cara a detectar conflitos, ofrecer asesoramento e mediación aos mesmos, e, para o alumnado de formación profesional básica, propor actividades para levar a cabo en horario de titoría en relación coa materia de igualdade.

- Coordinación con áreas, ámbitos e equipos docentes, para revisar os temarios e materiais, e propor actividades conxuntas por departamentos relacionadas coa coeducación.
- Creación de grupos e redes de información que conecten entre si aos distintos membros da Comunidade Educativa en materia coeducativa, realizando dinámicas de sensibilización e fomentando a participación activa de toda a Comunidade nas actividades a realizar nesta materia.
- Colaboración coa Concellaría de Igualdade do noso Concello, coa Cruz Vermella e coa Policía Nacional, na promoción e difusión das distintas actividades desenvolvidas por estas entidades ao longo de todo o curso académico, e especialmente nas conmemoracións seguintes:
 - Día Internacional para a Eliminación da Violencia de Xénero
 - Día Internacional da Muller
 - Día escolar da Paz e da Non Violencia

Anexo I: CUESTIONARIO EQUIPO DOCENTE

Sexo..... Titulación.....

Idade..... Materia que imparte

1. Cando un libro ou imaxe ten contido sexista, chamo a atención dos estudantes sobre este feito?
2. No tema que ensino, intento facer referencias ás achegas das mulleres?
3. Adoito rifarlles aos nenos máis que ás nenas?
4. Creo que as nenas e os nenos atenden igualmente ?
5. Cando poño algún exemplo na clase evito usar a imaxe tradicional de homes e mulleres?
6. Nos documentos de traballo emprego unha linguaxe non sexista?
7. Na clase sempre uso o masculino para dirixirse a nenos e nenas?
8. A min moléstame que se use o "os / as" ?
9. Sempre poño un exemplo. de bo comportamento eu uso unha rapaza?
10. Elixo un rapaz para ordenar e limpar a aula?
11. Encomendo ás mozas o traslado de cousas pesadas?
12. Creo que os nenos son máis revoltosos que as nenas?
13. Nos meus tratos cos estudantes, ás veces, uso expresións estereotipadas?

Anexo II: CUESTIONARIO ALUMNADO

Sexo.....

Idade.....

Curso.....

1. Pensas que tratas ás nenas e aos nenos por igual?
2. Empregas o masculino e o feminino para referirse a mulleres e homes?
(substantivos e adxectivos)
3. Pensas que os profesores expresan habitualmente a feminina?
4. Usan os docentes diminutivos cando se dirixen a nenas e aumentativos cando se dirixen a rapaces?
5. Compórtaste mellor cun profesor ou unha profesora?
6. Cántame dúas cousas que na túa opinión é o mellor sobre ser rapaza?
7. Dime dúas cousas que na túa opinión é o mellor de ser un rapaz?
8. Con que palabras gabarías a un profesor?
9. Con que palabras gabarías a unha profesora?
10. Con que palabras gabarías a un amigo?
11. Con que palabras gabarías a un amiga?
12. Observa diferenzas nas preferencias profesionais entre nenas e nenos?
13. Pensas que o espazo no pato está ocupado por iguais por nenas e nenos?